




COSTA DE SOUTOMAIOR (ARCADE)

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019




Distancia: 1,7 km (lineal)
Dificultade: baixa



- 1-Río Verdugo.
Ponte de Pontesampaio.
- 2-Illas Alvedosas
- 3-Praia Matilde
- 4-Punta Muxeira
- 5-Praia do Peirao
- 6-Porto de Arcade
- 7-Punta de Arcade
- 8-Enseada de Piñeiro
- 9-10-O Puntal

O concello de Soutomaior está situado na banda sur-leste da ría de Vigo. A costa (parroquia de Arcade) esténdese desde o río Verdugo ata a punta do Puntal e forma parte e do fondo da ría (enseada de San Simón). É abrigada, baixa, recortada e rochosa; de augas pouco profundas na que quedan grandes áreas ao descuberto coa marea baixa que son lugares de cría para diferentes clases de moluscos e zonas de abrigo e descanso para moitas aves acuáticas e limícolas. Está incluída no LIC/ZEC “Enseada de San Simón”. As principais actividades son o sector dos servizos, a industria, a acuicultura, o marisqueo e o cultivo da viña.

Vista da costa de Arcade coas illas Alvedosas no primeiro plano





PERCORRIDO

Propoñemos visitar a parte da costa máis accesible. Un roteiro acondicionado que percorre os puntos máis relevantes do litoral de Arcade desde a histórica **ponte de Pontesampaio** ao **porto**. Un traxecto sen desniveis de 1.700 m que transcorre por todos os lugares de interese da contorna no que ademais da ponte sobre o río Verdugo, podemos ver a súa desembocadura na enseada de San Simón, espazo protexida como LIC/ZEC polos seus valores naturais, o esteiro e os areais, nos que desenvolven a súa actividade os e as mariscadoras, no medio do que se atopan as **illas Alvedosas**, as **praias Matilde** e do **Peirao** separadas pola **punta Muxeira**, e o porto. Todos os elementos que se poden atopar nunha contorna costeira protexida na que as augas tranquilas e pouco fondas cobren e descubren en cada marea grandes extensións de terreo dunha grande riqueza biolóxica e interese natural e económico.

O lugar máis axeitado para comezalo sería o porto, porque alí atoparemos espazo de aparcamento, e a ida e a volta poden facerse polo mesmo paseo ou un dos traxectos pódese facer cruzando a localidade e o outro pola beira do río e do mar.



O rio Verdugo e Arcade



RÍA DE VIGO

Ábrese entre o Cabo Home, ao norte e Cabo Silleiro, ao sur. É a ría máis longa de Galiza, con 33 km, unha superficie de 176 km e unha profundidade máxima de 44 km. O río principal que a alimenta é o Verdugo. O estreito de Rande separa a parte interior chamada Enseada de San Simón, unha zona abrigada con augas pouco profundas, da exterior, máis aberta e de augas máis fondas. Na ría alternáanse os tramos rochosos, de pouca altura, os areais e as marismas.



O rio Verdugo nasce na Serra do Cando e desemboca na ría de Vigo entre Arcade (Soutomaior) e Pontesampaio (Pontevedra) despois de 40 km de percorrido. Pouco antes da súa desembocadura recibe as augas do Oitavén.



1-Rio Verdugo.
Ponte de Ponteesampaio: á esquerda Pontesampaio (Pontevedra) e á dereita Arcade (Soutomaior)



Ponte medieval sobre o Verdugo



Pontes da estrada e do tren sobre o Verdugo



2-Illas Alvedosas



4-Punta Muxeira

3-Praia Matilde



Vista desde a punta Muxeira



5-Praia do Peirao



Praia do Peirao



6-Porto de Arcade



7-Punta de Arcade



8-Enseada de Piñeiro



8-Enseada de Piñeiro



9-10-O Puntal (norte)



O Puntal (sur)



Bancos marisqueiros de Arcade



LIC ENSEADA DE SAN SIMÓN

Ocupa o fondo da Ría de Vigo, a partir do estreito de Rande. É unha cubeta tectónica moi colmatada de sedimentos procedentes das achegas dos ríos. Unha zona abrigada con augas pouco profundas, agás no estreito de Rande, con alternancia de costa rochosa, de pouca altura, e costa areosa formada por pequenas praias e unha grande superficie de marisma que queda descuberta ao debalar a marea. No interior atópanse as illas de San Simón e Alvedosas. É un ecosistema cunha alta produtividade biolóxica e de enorme riqueza marisqueira no que hai importantes bancos de bivalvos. É unha das principais zonas de Galiza para a invernada das anátidas.



Herba coral
(*Sarcocornia perennis*),
fanerógama que se
atopa no intermareal.



Cabaliño de mar
(*Hippocampus ramulosus*)
vive entre as pradeiras de
sebas das enseadas.



Pato rabilongo
(*Anas acuta*)